


2025



TERESA RIVAS

Investigadora en CINTECX

“Deberíamos eliminar os estereotipos nas disciplinas STEM para que calquera persoa poida desenvolverse profesionalmente sen importar o seu xénero.”

Lidero un equipo que investiga sobre a conservación de materiais do patrimonio cultural, como rochas e pinturas. Estudamos como se deterioran e buscamos tecnoloxías sostibles para protexelos.

A miña paixón pola investigación xurde da miña curiosidade por descubrir novas cousas. A vida permitíume traballar no que máis me gusta: a investigación.

A investigación en conservación require diversas disciplinas. Traballar con persoas de múltiples campos que achegan visións diferentes dos problemas e perspectivas distintas de resolución enriquece o meu carácter e o meu traballo.

O patrimonio cultural é a nosa herdanza do pasado, que nos axuda a entender quen somos e debería axudarnos a ser mellores. O noso traballo contribúe á conservación e transmisión dese legado.

Animo ás mozas a estudar STEM xa que é moi ilusionante buscar explicacións ás preguntas e solucións aos problemas.



XANEIRO

L	M	M	X	V	S	D
30	31	1 Ano Novo	2	3	4	5
6 Dia de Reis	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28 Santo Tomé de Aquino	29	30	31	1	2

ANTIA FERNANDEZ

Investigadora en CINTECX

“As mulleres na ciencia rompemos barreiras, demostrando que o talento non ten xénero”.

Investigo na síntese de novos materiais catalíticos e no deseño de procesos innovadores para a súa aplicación na eliminación de contaminantes e patóxenos da auga.

Desde pequena fascinábame observar o mundo, e os desafíos actuais da humanidade espertaron en min o desexo de mellorar a contorna. Coa miña investigación, aspiro a aportar o meu gran de area na protección do medioambiente

Comecei Enxeñaría Química na UCM sen un rumbo claro, pero as experiencias no laboratorio espertaron o meu interese pola investigación. Hoxe estou convencida de que tomei a decisión correcta.

Aspiro a seguir formándome nos mellores centros de investigación internacionais no meu campo, sendo capaz de transmitir estes coñecementos á sociedade.



Ás mozas diríalles que, se son curiosas, creativas, perseverantes e están comprometidas cos problemas da sociedade, unha carreira tecnolóxica pode ser unha gran opción de futuro, onde poderán transformar as súas ideas en solucións reais.

FEBREIRO

L M M X V S D

27	28	29	30	31	1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11 Día das Mulleres e as nenas na Ciencia	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22 Día Europeo da Igualdade salarial	23
24	25	26	27	28	1	2

XANEL VECINO

Investigadora en CINTECX

“A capacidade de contribuir ao coñecemento depende da vocación, o esforzo e a paixón”.

Traballo na economía circular, a sostibilidade e a simbiose industrial.

A miña investigación céntrase en transformar residuos e materias primas secundarias en produtos de alto valor engadido, como biodeixerentes e ecoadsorbentes.

A investigación en enxeñaría é unha das miñas maiores paixóns porque permite aplicar a ciencia para resolver problemas concretos das empresas. Propoño solucións innovadoras e eficaces, empregando a tecnoloxía de membranas, mellorando a produtividade e a sostibilidade industrial, desde o laboratorio ata a escala industrial.

A miña traxectoria investigadora distínguese pola transferencia de coñecemento e tecnoloxía á sociedade.

Rexistrei cinco patentes, catro delas sobre biodeixerentes a partir de residuos de millo, que están sendo adoptadas pola industria para fabricar produtos máis sostibles.

A miña investigación busca mellorar a calidade de vida das persoas ao ofrecer produtos eficaces cun menor impacto ambiental. A demanda de produtos biodegradables e biocompatibles está a aumentar, e o meu traballo responde a esta necesidade.

Ás mozas animaríaas a seguir a súa paixón pola ciencia, tecnoloxía e enxeñaría. Dedicarte a aquilo que amas é clave para a felicidade e o éxito profesional.



MARZO

L M M X V S D

24	25	26	27	28	1 Día Internacional da cero discriminación	2
3	4 Martes de Entroido	5	6	7	8 Día Internacional das Mulleres	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19 Festividade da EEI	20	21	22	23
24	25	26	27	28 Reconquista de Vigo	29	30
31	1	2	3	4	5	6

GLORIA PENNA

Investigadora en CINTECX

“Necesitamos o traballo conxunto de científicos e científicas en igualdade para avanzar.”

Investigo sobre a mellora das superficies dos materiais mediante distintas técnicas para facelas máis resistentes e duradeiras, así como para incrementar a súa biocompatibilidade.

Encántame o meu traballo: A combinación de investigación e docencia satisface a miña curiosidade, case compulsiva, e a necesidade de compartir o que aprendo.

A adaptabilidade é crucial no meu campo debido ás demandas da industria e ós avances en materiais e técnicas de procesamento. Iso require un axuste do noso traballo para dar resposta e eses retos.

O noso grupo busca as mellores solucións para problemas de degradación e fallo dos materiais en distintos ámbitos industriais, como o da automoción, a aeronáutica ou a enxeñaría biomédica.



É importante non destruír a curiosidade innata das nenas, manter o seu interese e a confianza en si mesmas. Eu as animo a que se interesen en saber como están feitos os obxectos que nos rodean, como funcionan e como os podemos mellorar. O campo das enxeñerías segue a ser un terreo maioritariamente masculino e temos que cambialo: ese é o noso reto.

ABRIL

L M M X V S D

31	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17 Xoves Santo	18 Venres Santo	19	20 Domingo de Resurrección
21	22 Día Internacional das penas nas TIC	23	24	25	26	27
28	29	30	1	2	3	4

MONICA FERNANDEZ

Investigadora en CINTECX

"A investigación é a base para o desenvolvemento de novas tecnoloxías que melloren a calidade de vida das persoas."


"Investigo sobre procesado de materiais mediante tecnoloxía láser, a escala macro, micro e nano."

A investigación permíteme satisfacer a curiosidade e as ganas de aprender, facendo que cada día sexa enriquecedor e diferente.

Unha das características que penso que é esencial para desenvolver una carreira científica, é a tenacidade, xa que é importante manter o enfoque para afrontar as dificultades e buscar a forma de superar os obstáculos para alcanzar os obxectivos plantexados.

Os meus estudos sobre nanopartículas antimicrobianas e apósitos de nanofibras de vidro bioactivo, representan un avance clave en saúde pública. Por outra banda, o uso de residuos mariños para a produción de protectores solares mellorados e a reciclaxe de vidro mediante tecnoloxía láser, reflicten un compromiso coa sustentabilidade e a economía circular, reducindo desperdicios e xerando produtos de alto valor engadido.

Ás mozas animaríaas a tomar o camiño da investigación se teñen inquietude pola ciencia e a tecnoloxía, por aprender e crear solucións, xa que é un campo cheo de oportunidades para innovar e transformar o mundo.



MAIO

L M M X V S D

28	29	30	1 Festa do Traballo	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17 Día das Letras Galegas	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	1

SOFIA SUAREZ

Investigadora en CINTECX


“As mulleres investigadoras achegan coñecemento e diversidade á ciencia, impulsando o seu avance en beneficio de toda a sociedade.”

Investigo sobre enxeñaría biomédica, concretamente o modelado numérico de tecidos biolóxicos, simulación de próteses e implantes, e desenvolvemento de técnicas para a análise biomecánica.

A investigación é o meu camiño para innovar e desenvolver solucións útiles para a sociedade. Explorar alternativas ao convencional e descubrir novas ferramentas que nos permitan resolver os desafíos actuais, sen temor ao descoñecido nin ao fracaso.

O meu traballo contribúe activamente ao desenvolvemento de novos dispositivos biomédicos empregados en cirurxía ou rehabilitación. Co modelado numérico de tecidos e os modelos de simulación somos capaces de comprobar o funcionamento das próteses antes de seren implantadas no paciente. Co desenvolvemento de técnicas e dispositivos para análise biomecánica somos capaces de dotar de ferramentas de medición e avaliación a rehabilitadores e profesionais deportivos.

Ás mozas diríalles que a investigación dálles a oportunidade de explorar novas ideas e cambiar a nosa realidade.





L M M X V S D

26	27	28	29	30	31	1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23 Día Internacional das mulleres na Enxeñaría	24	25	26	27	28	29
30	1	2	3	4	5	6

MERCEDES SOLLA

Investigadora en CINTECX

“Con paixón e determinación pódese lograr.”

Investigo sobre o uso do xeorradar para detectar e avaliar patoloxías en infraestruturas críticas do transporte,

como estradas e pontes. Ademais, desenvolvo metodoloxías de automatización no procesamento e interpretación de datos, integrándoas con outras técnicas non destrutivas para facer as inspeccións máis fiables, rápidas e precisas. A investigación permíteme innovar e manterme en constante evolución.

Non tiven referentes femininos científicos na miña infancia.


Os meus modelos a seguir foron as mulleres valentes e traballadoras da miña vida cotiá, como a miña nai e as miñas avoas. Elas ensináronme que o esforzo e a perseveranza son esenciais para alcanzar os meus soños.

O meu obxectivo é mellorar a seguridade e sustentabilidade das infraestruturas do transporte,

prolongando a súa vida útil e reducindo custos de mantemento, contribuíndo ao benestar da sociedade ao garantir sistemas de transporte máis seguros.

Ás mozas diríalles que confíen en si mesmas e nas súas capacidades, e que loiten polos seus soños.

Falaríalles de mulleres científicas exitosas para que se identifiquen con elas e vexan que é posible ter éxito na ciencia levando unha vida normal. É importante motivalas e combater os estereotipos falsos sobre as carreiras científicas.



XULLO

L M M X V S D

30	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25 Día de Galicia	26	27
28	29	30	31	1	2	3

AMANDA FRANCO

Investigadora en CINTECX

"A muller achega visións e solucións únicas, aportando diversidade e enriquecendo a investigación."


Traballo no cálculo de parámetros de combustión de biomasas non convencionais e no deseño dun sistema de captura de mostras gasosas de combustión para análise de composición por cromatografía.

Creo que a investigación satisfai a curiosidade innata do ser humano e achega información nova e necesaria para desenvolver novas ideas que axuden a mellorar a nosa experiencia vital.

A investigación cambiou a miña visión das cousas e o xeito de solucionar os problemas. É sorprendente como unha solución a un problema concreto é extrapolable a moitas outras cuestións que xorden durante a nosa carreira científica, abrindo os nosos horizontes.

O meu traballo axuda a mellorar a economía circular detectando e achegando solucións para focos de contaminación que prexudican ao ser humano e ao medio ambiente.

Ás mozas diríalles que o máis estimulante da investigación é que é calquera cousa menos monótona. Sempre estás investigando temas novos, intentando solucionar obstáculos diferentes que se che van presentando no camiño.



AGOSTO

L M M X V S D

28	29	30	31	1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15 Día da Asunción da Virxe	16 Día de San Roque	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

EVA LEGIDO

Investigadora en CINTECX

“A investigación require identificación, abstracción, imaxinación e capacidade de multitarefa, características que se ven representadas na muller.”

Son enxeñeira industrial mecánica, dedicada a proxectos de I+D+i e homologacións, analizando estratexias para vehículos de transporte de pasaxeiros máis seguros, eficientes e sostíbles, e buscando harmonizar a regulamentación a nivel mundial.

A investigación permíteme desenvolver capacidades técnicas, afrontando retos tecnolóxicos sen solución clara, e reorientando proxectos para acadar o éxito.

O traballo en I+D+i require idear e seleccionar proxectos, analizando múltiples factores e pensando a longo prazo para reducir riscos e garantir o éxito.

Os proxectos de I+D+i en transporte contribúen a unha sociedade máis segura e sostíble, desenvolvendo vehículos que integran compoñentes urbanos nun ecosistema global.

Ás mozas diríalles que todos os individuos poden desenvolver o máximo das súas capacidades e que todas as características necesarias para investigar vense representadas na muller, o que as fai idóneas para este tipo de proxectos.



SETEMBRO

L M M X V S D

1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	1	2	3	4	5

MIRIAM LOPEZ

Investigadora en CINTECX

“O traballo da muller na investigación aseméllase a un iceberg: só vemos o 10%, pero o 90% restante baixo a superficie é moi relevante”

Investigo no desenvolvemento de novos biomateriais mediante tecnoloxías de (bio)fabricación para enxeñaría tisular.


A investigación é un traballo nobre que busca profundar en problemas sociais para achegar coñecemento e solucións. É motivador e esixe un reciclado constante, facendo que cada proxecto sexa único.

Souben integrar os coñecementos requiridos de áreas moi diversas e enfocalos cara aos obxectivos concretos, axudando a consolidar novas liñas en investigación biomédica.

Afrontamos o desafío do envellecemento poboacional grazas ao desenvolvemento de avances na enxeñaría de tecidos,

para substituír implantes metálicos actuais por biomateriais porosos que promovan a rexeneración do tecido óseo do propio paciente, contribuíndo ao envellecemento activo e á sustentabilidade do sistema sanitario.

As mozas diríalles que se lles interesa a investigación non deixen que ningunha opinión ou estereotipo as deteña. As súas ideas son valiosas, e neste ámbito van poder desenvovelas e contribuír ao progreso da sociedade.



OUTUBRO

L M M X V S D

29	30	1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11 Día Internacional da Nena	12 Día da Hispanidade
13	14	15 Día Internacional das mulleres rurais	16	17	18	19 Día Internacional dos coidados e do apoio
20	21 Día dos Homes pola Igualdade	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31	1	2

AIDA DIEZ

Investigadora en CINTECX

"A perspectiva da muller na investigación é indispensable non só para o progreso científico, senón tamén social."

Traballo na produción de hidróxeno e na degradación e adsorción de contaminantes. Investigo a rotura electroquímica da auga para producir hidróxeno e uso procesos de oxidación avanzada para eliminar fármacos e pesticidas. Tamén sintetizo materiais porosos para atrapar contaminantes.

A investigación proporcióname motivación constante ao enfrontarme a desafíos e desenvolver solucións innovadoras en enxeñaría, con aplicacións prácticas e beneficiosas. Son unha persoa bastante inqueda e creo que iso foi un motor moi positivo na miña carreira científica.

A miña curiosidade permitíume compaxinar varios proxectos e liñas de investigación, construíndo un currículo competitivo.

Intento buscar alternativas para mellorar o medio ambiente e contribuír á sociedade mediante procesos de adsorción e oxidación avanzada para eliminar contaminantes, e a xeración de H_2 como fonte de enerxía renovable.

Ás mozas diríalles: "se vos gusta a ciencia e vos aburre a monotonía, a investigación é a solución." É un campo versátil con diversas tarefas, desde experimentación en laboratorio ata redacción de artigos e asistencia a congresos.



NOVEMBRO

L M M X V S D

27	28	29	30	31	1 Día de tódolos santos	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18 Día Internacional das persoas LGBTQI+ na Ciencia	19	20	21	22	23
24	25 Día Internacional contra a violencia machista	26	27	28	29	30

RAQUEL PEREZ

Investigadora en CINTECX

“Somos o 50% da poboación, a nosa visión é fundamental para levar a investigación cara un futuro máis sostible.”

Investigo sobre a optimización de sistemas de enerxía térmica renovable e a súa aplicación para a mellora da eficiencia enerxética nos edificios.


A miña paixón pola enxeñaría vén da posibilidade de ofrecer solucións prácticas e innovadoras aos desafíos sociais. Como enxeñeira de minas e enerxía, é motivador traballar para protexer o medio ambiente e promover o uso sostible dos recursos.

A multidisciplinariedade é algo que sempre marcou a miña carreira, combinando traballo experimental e de campo con modelos numéricos, ofrecendo unha visión global dos problemas estudados.

O meu traballo no eido da eficiencia enerxética nos edificios e a optimización de sistemas de combustión domésticos permíteme

contribuír directamente á redución da pegada ecolóxica, un aspecto chave no contexto enerxético e medioambiental actual.

Ás mozas diríalles que a investigación en enxeñaría ofrece unha contorna dinámica e en constante evolución, onde sempre hai algo novo que aprender e descubrir. É unha disciplina que permite combinar creatividade, innovación e un forte propósito de facer do mundo un lugar mellor.




DECEMBRO

L M M X V S D

1	2	3	4	5	6 Día da Constitución	7
8 Día da Inmaculada Concepción	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25 Día de Nadal	26	27	28
29	30	31	1	2	3	4

CINTECX



Universidade de Vigo

Unidade de
Igualdade

CINTECX



XUNTA
DE GALICIA



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos